DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 27 xaneiro 2020
DATA INFORME AO CONSELLO ESCOLAR: 28 xaneiro 2020



**CEE PONTEVEDRA**

# PLAN DE IGUALDADE

52494008G AMELIA DOLORES OTERO (R: Q8655398I)

Firmado digitalmente por 52494008G AMELIA DOLORES OTERO (R: Q8655398I)
Fecha: 2020.02.18 13:02:31 +01'00'

***Este documento intégrase no PE e resulta coherente coas súas directrices. Ten en conta propostas do claustro. Foi elaborado polo equipo directivo do centro coa colaboración do departamento de orientación e profesorado do colexio formado en igualdade, así como coas achegas do claustro. Logo foi informado ao consello escolar.***

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

# ÍNDICE

1.- INTRODUCIÓN

2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA.

4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

4.1.- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.2.- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.3.- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

4.4.- Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia. (Colectivo LGTBI- Lesbianas, Gais, Transxénero e intersexuais)

5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS

5.1.- Organización do centro.

5.2.- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

5.3.- Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

5.4.- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

6.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

7.- GLOSARIO

8.-ANEXO: ENQUISA



Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

## 1.- INTRODUCIÓN

Un dos principais fins, que se persegue dentro do Proxecto Educativo de calquera centro educativo é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración critica das desigualdades; por iso, a igualdade entre mulleres e homes constitúe un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle en multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico.

En base ao anterior, o artigo 2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a "educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres".

Dentro dos documentos base, como son o PE e a súa concreción anual PXA, establecerase as seguintes medidas:

1. Nomeamento dunha **persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar**. En sesión celebrada no presente curso escolar decídese nomear responsable a Dª PAULA C. GARCÍA BÓVEDA.
2. Activación de protocolos ou **medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero**. O Plan de Convivencia do centro, contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan: ***"Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos***." ,e tamén *"**Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos** da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha **actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.**",* establece, como un dos documentos fundamentais do funcionamento diario do mesmo, un protocolo de actuación á hora de detectar e corrixir aquelas condutas contrarias ao respecto á igualdade de ambos sexos.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

3. **Concreción e difusión dos obxectivos coeducativos a través dos plans do centro.** documentos, nos que se fai fincapé nun trato en un respecto igualitario para todos os alumnos e alumnas do centro, propoñendo sempre actividades e programas que garantan unha educación non sexista e non discriminatoria. Estes obxectivos e ideario de centro, aprobados cada ano en Claustro e Consello Escolar son asumidos pola comunidade educativa, habendo sempre un clima de sensibilización en todas as tarefas e proxectos que se levan a cabo.
4. **Medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero.** Seguindo o *Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero* da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa de Abril de 2016, establécense as seguintes medidas:
    a. Recibida no centro información sobre problemas relacionados coa identidade de xénero do/a alumno/a, o equipo directivo ou a persoa que reciba esta información, dará traslado ao Departamento de Orientación para que en contacto coa familia e entidades pertinentes se adoiten as medidas oportunas para facer un diagnóstico adecuado da situación, recabando toda a información necesaria e logo de valorar dita situación, informará e dará as pautas necesarias a todos os docentes implicados para levar adiante unha educación dentro do contexto da atención á diversidade e sempre baixo o principio de inclusión, nun ambiente e contexto libre de prexuízos e que promova a paz social, con particular énfase no coñecemento e respecto pola realidade transexual.
    b. Tamén se poñerán en marcha aqueles recursos sociais e sanitarios que están á disposición do Centro e/ou do Departamento de Orientación, no caso de que a familia ou o/a menor precisen apoio ou axuda neste ámbito.
5. **Traballar os contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.**

    a. Coeducación como eixe transversal.
    b. Estereotipos, roles e mitos relacionados co xénero: prevención, detección e eliminación.
    c. Violencia de xénero: sensibilización e prevención.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

d. Linguaxe sexista.
e. Igualdade nas responsabilidades familiares.
f. Corresponsabilidade nas tarefas da casa.
g. Autonomía persoal.
h. Economía familiar. Consumo responsable.
i. Igualdade nas expectativas profesionais.
j. Responsabilidade persoal nos estudos.
k. Acoso escolar: sensibilización e prevención.
l. Actitudes que facilitan a convivencia.
m. Xogos coeducativos.
n. Ciberacoso.

6. **Celebracións e/ou eventos conmemorativos,** dirixidas a todo o alumnado sinaladas no calendario escolar: 25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGTBI.

**POR QUE UN PLAN DE IGUALDADE?** *A educación integral das persoas implica a adquisición dun conxunto de competencias básicas de tipo cognitivo, emocional e ético. Á necesidade de educar en habilidades e coñecementos súmase a de educar para unha mellor calidade de vida e para encher esta de sentido moral. As condutas sociais confórmanse en diferentes espazos e ámbitos: a escola, a familia, os medios de comunicación, etc.. Ao longo deste proceso de socialización e pasando por diferentes etapas, os nenos e as nenas, despois adolescentes, asumen diversos roles e valores que potencian o desenvolvemento de diferentes capacidades en función do sexo. O sistema educativo debe eliminar os estereotipos sociais relativos ao rol de mulleres e homes, permitindo un desenvolvemento máis equilibrado e libre da personalidade así como o acceso ás mesmas oportunidades, axudando a construír relacións entre os sexos baseadas no respecto e impulsando a participación de mulleres e homes en todos os espazos da sociedade.*

*A violencia contra as mulleres é un problema social que require unha rápida intervención pública. Ademais nos últimos anos está aumentando nos e nas adolescentes, polo que é claro e palpable que a prevención non foi suficiente. Esta prevención debe realizarse dende os primeiros anos dos nenos e das nenas, pero tamen debe ser contínua e con máis necesidade tamén para as persoas con discapacidade, moitas veces foco desta discriminación e violencia.*

*A educación para a igualdade soamente será posible cando a metodoloxía sexa aberta, creativa, crítica e flexible e que da cabida a unha educación emocional en valores. Centrada, no fomento de traballo en grupo, o diálogo, as relación afectivas, a resolución de conflitos, o respecto, a cooperación e facendo fincapé na toma de conciencia de que todos e todas temos dereito ás mesmas oportunidades.*

## 2.- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

Comentamos aquí cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero, que xa figuran na documentación do centro con anterioridade á *Instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración*

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

*de plans de igualdade no curso 2019/2020 e* orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia, **se ben é pausible a necesidade de maior concreción en accións sistematizadas.**

**Proxecto Educativo.**

No seu punto 4, en relación ás señas de identidade do centro establécese a "Educación para a igualdade entre sexos". Este valor e actitude debe impregnar todas as actividades a realizar no centro (recreos, aulas,...). A finalidade á camiñar cara unha sociedade máis tolerante, aberta, libre e xusta.

**Plan de Convivencia.**

O Plan de Convivencia do Centro recolle:

- Xestionar as accións precisas e que afecten a todos os sectores da comunidade educativa do centro para educar na convivencia, no respecto, na tolerancia, na igualdade e na solidariedade.
- Respecto da súa identidade, integridade e dignidade persoal (referido o todos os sectores da comunidade escolar).
- Prever e tratar as situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces. Protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra situacións de acoso dentro e fóra da escola.
- Buscar a corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes relacionados coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

**NOF.**

Artº 95: A igualdade de oportunidades promoverase mediante:

- A non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas,capacidade intelectual ou calquera outra condición persoal ou social.
- Establecemento de medidas compensatorias do seu déficit.

Artº 100

Todos os alumnos/as teñen dereito (e deber) a que se respecte a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.

Engadir accións como:

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

- Recibir unha formación que desenvolva plenamente a súa personalidade.
- Ter as mesmas oportunidades de acceso ás distintas ofertas de ensinanza.
- Ser avaliado o seu rendemento escolar con plena obxectividade.
- Recibir orientación escolar e profesional.
- Desenvolver a súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Respectar a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas.

**Plan de Acción Titorial.**

A acción titorial é un proceso que reúne unha serie de características, entre as cales destacan, dúas finalidades imprescindibles:

- Atender ás peculiares características de cada alumna e alumno, e
- Canalizar os seus problemas e inquietudes.

A titoría é o lugar máis adecuado, para levar a cabo un labor de coeducación e respecto aos demais, incluíndo as súas singularidades persoais e, se fose o caso de identidade de xénero. É por iso que dentro do PAT os principios de actuación serán sempre:

Visibilidade.

Facer visibles as diferenzas entre nenos e nenas, para facilitar o recoñecemento das desigualdades e discriminacións que aquelas poden producir e producen. Visibilizar:

- Ás mulleres a través da súa contribución ao desenvolvemento das sociedades, valorando o traballo que tradicionalmente realizaron;
- Un uso non discriminatorio da linguaxe;
- A reflexión sobre a inxustiza dos privilexios nunha sociedade democrática e da pervivencia de papeis sociais discriminatorios en función do sexo, etc

Transversalidade.

Os principios de igualdade entre homes e mulleres deben estar presentes no conxunto de accións e políticas emprendidas pola Administración e os centros educativos dende un enfoque transversal.

Inclusión.

Educar en igualdade entre homes e mulleres require una intervención tanto sobre uns e como sobre outras para corrixir así os desaxustes producidos por cambios desiguais nos papeis tradicionais, conciliar intereses e crear relacións de xénero máis igualitarias..

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

**Contextualización normativa:**

- Constitución Española de 1978
- Declaración universal sobre dereitos humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313)
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23/03/2007. Núm. 71)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia
- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG Nº. 149)
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (DOG Nº 72)
- Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (DOG Nº 140)
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 e os seus Eixes.
- Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

**Contextualización do centro:**

- **En relación aos roles exercidos e espazos de representación ocupados por homes e mulleres na Comunidade Escolar.**

O noso centro está formado por:

| CONCEPTO | Nº USUARIOS |
|---|---|
| Alumnado do 1ºtramo Educación Obrigatoria (EP e ESO) | **21** |
| Alumnado do 2º tramo Educación Postobrigatoria (EPO-TVA) | **24** |
| alumnos/as do 2º tramo Educación Postobrigatoria(EPO-Programa Formativo) | |
| • Xardinería | **8** |
| • Restauración | **9** |
| • Reprografía | **10** |
| **TOTAL ALUMNADO** | **72** |

| CONCEPTO | Nº | |
|---|---|---|
| Mestres de PT | 11 | 10 titores e 1 PT xornada completa |
| Mestres de AL | 3 | Xornada completa |
| Mestres de EF | 1 | Xornada completa |
| Mestre de EM | 1 | Xornada completa |
| Orientadora | 1 | Xornada completa |
| Profesor Técnico | 3 | Xornada completa |
| Mestre Relixión | 1 | Xornada compartida (7 sesións) |
| Persoal non docente | 4 | Coidadoras xornada completa |
| Conserxe | 1 | Xornada completa. Pertence a plantilla da Deputación |
| **TOTAL PROFESIONAIS** | | **26** |
| **Nº DE MULLERES** | **21/26** | **80%** |
| **Nº DE HOMES** | **5/26** | **20%** |

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

- O número de alumnado é 72 distribuído da seguinte forma no curso 2019-2020:

| **ETAPA** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **ESO** | **TOTAL ALUMNADO** | | | **21** |
| | | **MULLERES** | **HOMES** | **TRANS.** |
| | % | 10/21= **48%** | 11/21= **52%** | |
| | GRUPO A | 3 | 1 | |
| | GRUPO B | 0 | 3 | |
| | GRUPO C | 1 | 3 | |
| | GRUPO D | 3 | 2 | |
| | GRUPO E | 3 | 2 | |
| **TVA** | TOTAL ALUMNADO | | | **24** |
| | | **MULLERES** | **HOMES** | **TRANS.** |
| | % | 8/24= **34%** | 15/24= **62%** | 1/24= **4%** |
| | GRUPO F | 3 | 2 | |
| | GRUPO G | 4 | 0 | 1 |
| | GRUPO H | 0 | 5 | |
| | GRUPO I | 0 | 5 | |
| | GRUPO K | 1 | 3 | |
| **PROGRAMAS FORMATIVOS** | TOTAL ALUMNADO | | | **27** |
| | | **MULLERES** | **HOMES** | **TRANS.** |
| | % | 5/27= **18%** | 21/27= **77%** | 1/27= **4%** |
| | Xardinería e Viveirismo | 1 | 7 | |
| | Reprografía | 3 | 6 | 1 |

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Servizos Restauración | 1 | 8 |

| TOTAIS | | MULLERES | HOMES | TRANS. |
|---|---|---|---|---|
| | % | 23/72=<br>32% | 47/72=<br>65% | 2/72=<br>3% |

Comentarios:

- Obsérvase unha maioría de alumnado masculino, especialmente nas etapas de TVA e PF, que é o dobre. Na ESO, equipárase.
- Na ensinanza de Programas Formativos hai unha prevalecía de alumnado masculino.
- Nas rutinas de traballo, de ESO e TVA, fanse agrupacións flexibles para o desenvolvemento dos obradoiros, baixo o criterio de capacidade e cronolóxico.
- É difícil manter un principio de equidade, xunto con outros criterios pedagóxicos, nas agrupacións, polo número de alumnado matriculado, pero sí é posible nas agrupacións flexibles que se fan nas rutinas.

- **A participación da muller noutros órganos de goberno diferentes ao equipo directivo é alta, aínda que nalgún é así polo rol dado a elas dende sempre.**
  - O Equipo Directivo formado por 3 mulleres.
  - Representantes de pais/nais no consello escolar: 4 mulleres
  - Representante da ANPA no consello escolar :1 home.
  - A participación nas titorías é superior a das nais que a dos pais

- **En relación ao sexismo lingüístico nos documentos do centro:**

Analizando a linguaxe utilizada nos documentos e carteis do centro apréciase un uso equilibrado do masculino e feminino. Procedeuse durante estes últimos anos a utilizar o xenérico inclusivo, profesorado, alumnado, cando procede, e de non ser así, ponse o masculino e o feminino.

En canto aos libros e materiais didácticos, aínda que existe unha mellora do uso do feminino queda moito por facer para borrar as representacións estereotipadas de mulleres e homes e por en valor as contribucións de mulleres ao progreso e a ciencia.

Outro tanto cabería dicir con respecto ás imaxes dos textos e carteis. A carteleira elaborada no centro procura ser neutra. Exemplo:




- **<u>Actitudes ante cuestións de xénero por parte do profesorado</u>**:

O profesorado en aspectos relacionados coa perspectiva de xénero promove o trato igualitario para ambos sexos nas tarefas relacionadas co alumnado e evita potenciar o desenvolvemento de estereotipos de xénero por exemplo pequenos encargos que se realizan no centro: Delegado/a de aula, facer fotocopias, reparto de material na aula, acompañamento ao servizo, coida a linguaxe coa que se dirixe ao alumnado.

Exemplo:







Lenda:

1. Nos materiais que elaboro como parte da miña labor docente non emprego unha linguaxe sexista.
2.Na clase, para dirixirme ao alumnado, emprego o masculino xenérico para referirme a chicas e chicos
3. Adoito usar diminutivos para referirme ás nenas e aumentativos para referirme aos nenos( chiquita, chavalote)
4. Emprego algunhas expresións como: "eres un chorica", "eres un machote".

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

*VER ENQUISA COMPLETA NO ANEXO I*

- **En relación coa distribución e uso das instalacións.**

Todas as instalacións son usadas por igual polo alumnado e profesorado. Cómpre explicar que hai dous patios diferenciados, que por criterios organizativos e de esixencias pedagóxicas (p.e. programación diferente) e intereses propios da idade, se diferencian no centro. O espazo é o mesmo pero non o horario no que se goza de tempo de lecer.

- O patio do alumnado dos Programas Formativos é as 11:05 horas.
- O patio do alumnado de ESO e TVA é as 12:00 horas.

Dita organización reduciu o número de conflitos, produciu unha redistribución espontánea ocupando todo espazo do patio para xogos por todo o alumnado, facilitouse a compartición de intereses achegados.

Por suposto, asegúrase a convivencia do alumnado das diferentes ensinanzas, nas zonas comúns, nas celebracións de eventos conmemorativos, rutinas puntuais e na asistencia a actividades e saídas con criterios de flexibilidade.

## 3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA.

En relación ao tratamento deste tema e ao fomento do respecto pola igualdade entre homes e mulleres, no centro, podemos indicar que:

- Incentivouse tamén no centro un proceso de cambio, paralelo a vida en sociedade, no que aínda queda moito por facer, con fácil acceso a información sen eufemismos, contamos coa implicación do equipo directivo e de todos os profesionais, que son conscientes da necesidade de facilitar modelos e actividades concretas que expliquen a diversidade dentro do respecto, a tolerancia e a eliminación de condutas indesexables como a violencia de xénero, hacia as mulleres.
- Partimos de que as persoas que formamos e educamos, “normalizan” con mais facilidade os cambios que se están producindo na nosa sociedade e, no centro, o

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

tratamento da diversidade de xénero flúe con naturalidade. Iso non significa que xurde por espontaneidade, pois detrás hai unha labor de educación.

- Aínda así, observamos comportamentos “machistas e estereotipados” no alumnado, reflexo do modelo familiar no que viven. Ás veces, deben loitar entre o que sería correcto, respectuoso e tolerante co que teñen nas súas casas. A situación cando son nenos e nenas e adolescentes, en risco de exclusión social.

- Dende hai dous cursos, procúrase un cambio nos fondos bibliográficos da biblioteca, adquirindo libros con contidos relacionados coa visibilidade e respecto da muller e o tratamento de igualdade de ambos sexos dentro dos contidos curriculares. Por exemplo: mulleres revolucionarias, mulleres de ciencia.

- Nos obradoiros, tanto de linguaxe como de convivencia, vénse traballando a intelixencia e a alfabetización emocional, o coñecemento e aceptación de sí mesmo, a integridade como persoas que respectan as diferenzas persoais, culturais, de ideas e crenzas. Proponse dinámicas para a resolución de conflitos e a búsqueda dun ambiente de paz e diálogo.

- O centro conta co Equipo de Dinamización de Convivencia, promotor de actividades para a sensibilización contra a violencia, vinilos con mensaxes, intercambios escolares, tarefas compartidas, etc. Algunhas e algúns forman parte da Comisión de Convivencia.

- Concretamos accións a través de formación, tanto para alumnado como profesorado e pais/nais e titores/as legais, na Educación Sexual (Qúerote +, FAMPI- La Regla de Kiko y la mano, materiales relacionados coa prevención da violencia sexual e o abuso sexual contra nenos, nenas e adolescentes -www.laregladekiko.org), na prevención mediante charlas do Plan Director, como “A Violencia de Xénero nas NNTT, Formas de Acoso: ciberacoso, Sexting, Grouming, etc.”.

E outras moitas actividades relacionadas coa acción titorial, co seguimento de Protocolos activados no centro, con propostas artísticas nos eventos conmemorativos, etc.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

**O traballo por unha educación igualitaria, amosarase na aposta firme por parte de todo o profesorado de levar a cabo accións que favorezan a igualdade, accións que son de relevancia para sensibilizar e desenvolver no alumnado un cambio de actitudes. Estas actuacións lévanse a cabo maioritariamente con motivo de datas sinaladas (8 de marzo, 25 de novembro).**

A formación do profesorado é clave para poder abordar procesos de inclusión da perspectiva de xénero nos contidos e prácticas educativas.

Da análise dos **resultado das enquisas realizada ás familias** extráense as seguintes conclusións: (ver ANEXO II: CUESTIONARIO FAMILIAS)

- Das **72** enquistas enviadas ás familias, foron contestadas **49**. Isto quere dicir que o índice de participación das familias foi do **68%**.
- Das **49** enquisa, só **3** foron contestadas polo pai e **2** por outras persoas (educadora e sen especificar).
- Ademais 21 das familias (correspondente ao **43%**) son monoparentais onde só a nai convive cos fillos.
- As idades das nais e pais atópanse nunha franxa entre os 40 e os 50 anos, e o nivel de estudos é medio e elemental.
- As profesións más habituais son: ama de casa e traballos non especializados.
- A metade das/os encuestadas/os traballan fóra da casa, desempeñando unha profesión.
- Máis da metade das parellas das persoas encuestadas realizan traballos no sector servizos.
- As actividades que só realiza o pai son: conducir, levar o coche ao taller ir á compra, facer deporte
- As tarefas domésticas, son compartidas cando ambos cónxuxes traballan fóra. Nas familias monoparentais (que son o 50% dos encuestados), elas, concilian o traballo dentro e fóra de casa.
- Axudan en casa tanto os fillos coma as fillas
- Maioritariamente se comparten as tarefas domesticas e os problemas relacionados cos fillos.
- Case o **25%** recoñecen regañar ao seu fillo por facer cousas que cre que son do outro sexo e cren que non teñen a mesma liberdade.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

- Non hai distinción por sexo no que se refire a que lle gustaría que chegaran a ser: un 50% responden que fagan o que queiran.
- A maioría pensa que a labor do centro é suficiente Só hai una persoa que di que non e 6 que NS/NC.

En canto aos **resultados das enquisas ao alumnado** cabe destacar:(ver ANEXO III: CUESTIONARIO ALUMNADO)

- Un **24%** do alumnado son nenas e o **76%** son nenos..
- Un **55%** do alumnado contesta a todas as preguntas que poden ser realizadas por ambos. Un 60% dos nenos e un 45% das nenas.
- Un **45%** considera que as mulleres/nenas poden facer unhas cousa e os homes/nenos outras. Un 40% son nenos e 55% son nenas.
- A maioría identifícase con personaxes correspondentes ao seu sexo.
- As contestacións mais habituais sobre qué te gustaría que te dixesen os teus amigos foron: **amable, cariñoso/a e tranquilo**.

## 4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN:

Entre os obxectivos xerais de actuación, seguirase o previsto nos *Artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes:*

1. Levar á práctica un modelo educativo inclusivo, baseado na educación integral de mulleres e homes, que garanta unha formación académica, social e humana igualitaria, integrado en competencias básicas, e xere individuos autónomos, con espírito crítico e comprometidos co seu contorno, e coa idea de cidadanía global.
2. Incidir na coeducación como vértice prioritario de actuación.
3. Organización: Composición equilibrada de homes e mulleres nos órganos e equipos, conforme á lexislación (EDLG, Comisión de Convivencia...).
4. Incorporación aos documentos base do centro dos aspectos que defendan a igualdade entre mulleres e homes.
5. Formación continuada do profesorado no terreo da coeducación.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

6. Valorización da imaxe da muller nas Programacións de Aula e na Programación Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares.
7. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero dentro do noso Plan de convivencia.
8. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
9. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia, se se detectasen casos.

A intervención global no marco educativo virá marcada polos seguintes principios de actuación: transversalidade, visibilidade, inclusión e paridade.

- TRANSVERSALIDADE.- Este enfoque transversal supón a inclusión da perspectiva de xénero na elaboración, desenvolvemento e seguimento de todas as actuacións que atinxen directa ou indirectamente á comunidade educativa.
- VISIBILIDADE.- Identificando e facendo visibles as diferenzas entre nenos e nenas e a desigualdade de trato como consecuencia destas diferenzas. Reflexionar sobre a ausencia de mulleres nalgúns ámbitos e sobre a existencia de papeis sociais diferenciados e discriminatorios, detectando e denunciando as desigualdades e discriminacións que aínda se producen.
- INCLUSIÓN.- "Diferentes sí, desiguais non", resume o principio de inclusión. A diversidade enriquece as relacións, non á desigualdade. As medidas dirixiranse a corrixir os desaxustes producidos polos cambios desiguais entre os papeis tradicionais, conciliar intereses e crear relacións de xénero igualitarias. Hai moitas formas de ser muller e tamén moitas formas de ser home sen asignacións de estereotipos.
- PARIDADE.- A igualdade formal e a igualdade real define este principio. Débese deseñar un percorrido formativo común para alumnas e alumnos, dirixido a unha construción social con participación xusta e equitativa de ambos os dous sexos.

### *4.1.- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.*

- Promover a igualdade de xeito transversal na organización e funcionamento do centro
- Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos
- Implementar o enfoque de xénero na orientación persoal, académica e profesional

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

- Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade

### *4.2.- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.*

- Realizar un protocolo de actuación básico para a abordaxe da violencia de xénero, condutas discriminatorias e outras condutas contrarias á convivencia.
- Realizar campañas de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa en temas de formación e información sobre xogos, videoxogos e xoguetes non sexistas...
- Informar sobre o 016, para que serve.
- Coñecer por que se celebra o 25 de novembro e o 8 de marzo.

### *4.3.- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.*

- Concienciar sobre o respecto do dereito de cada persoa a ser quen quere ser.
- Realizar labores educativos, informativos, formativos e culturais que fomenten o coñecemento, a desmitificación da diversidade afectivo-sexual co fin último de garantir e alcanzar unha integración afectiva e completa de todas as persoas.

### *4.4.- Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.*

- Facilitación de asistencia e información a persoas LGTBI, e tamén a pais, nais titores ou titoras, no referente a súa integración, a súa situación social na escola.

## 5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS

### *5.1.- Organización do centro.*

- Coñecemento íntegro do protocolo de identidade de xénero.

Avda. Montecelo, 16 36161Pontevedra
Teléf.: 986 804 135 Ext. 41187/8
Fax: 986 861 413
www.edu.xunta.es/centros/ceepontevedra
cee.pontevedra@edu.xunta.es

- Revisión e comprobación de que en todos os documentos oficiais do centro ( PE, PAT, PAD, plan de convivencia, Nof etc… se contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres.
- Inclusión no PAT, Plan de Acción titorial actuacións dirixidas a promover a coeducación.
- Promoción da formación en igualdade do persoal do centro.
- Promoción da participación do profesorado en prácticas coeducativas.
- Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios ou sexistas.
- Detectar situacións de desigualdade que se poidan dar no centro educativo, especialmente na aula.
- Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas ( Día da Paz, Día do Libro, Dia dos Dereitos Humanos,…..)
- Promover e mellorar as actuación e as actividades do día 25 de novembro e do 8 de marzo implicando á comunidade escolar.
- Realizar un protocolo de actuación básico para a abordaxe da violencia de xénero, condutas discriminatorias e outras condutas contrarias á convivencia.

### *5.2.- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.*

- Realizar actividades que visibilicen as achegas das mulleres á humanidade en diferentes ámbitos.
- Descobrir as mulleres na historia, na ciencia, na política, na cultura e no desenvolvemento da sociedade.
